



ACTA DA MESA SECTORIAL EXTRAORDINARIA DO 15 DE XANEIRO DE 2019

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.
María José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico
Javier García Caeiro.- Xefe de servizo de Relacións Laborais
Manuel Díaz López.- Xefe de servizo de Selección Temporal
Silvia Negreira Vidal. - Xefa de servizo de Recursos e Reclamacións.
Alberto López Suárez.- Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Polas organizacións sindicais:

María Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Manuel González Moreira (CIG)
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)
Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O'MEGA)
Emilio A. Armada Rodríguez (CESM-O'MEGA)
Antonio R. Barca Romero (CESM-O'MEGA)
Emilia Lamas Seoane (CCOO)
Ana Belén Puga Bello (CCOO)
María de la Luz Fernández Tuñas (CCOO)
Javier Martínez Fente (UGT)
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F)
Manuel González Vázquez (CSI-F)
Ana Luisa López López (SATSE)
María Emma Rodríguez Corte (SATSE)

Lugar : Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde.

Hora de comezo: 11:00 h. Hora de remate: 13:30 h.

Asistentes: Os membros da Mesa sectorial que se relacionan no cadro adxunto.

Orde do día:

- 1.- Nomeamento estatutario temporal de continuidade.
- 2.- Rogos e preguntas.

1.- Nomeamento estatutario temporal de continuidade

A directora xeral de Recursos Humanos toma a palabra para expoñer as relevantes modificacións introducidas no texto, en atención ao alegado polas organizacións sindicais sobre a proposta achegada na pasada sesión do 11 de xaneiro:

- No apartado segundo (*Ámbito funcional dos nomeamentos de continuidade*) especificase que na categoría de médico/a de familia os nomeamentos realizaranse para prestar servizos ou ben nas unidades e/ou servizos de atención primaria, ou ben





nos puntos de atención continuada. O que resulta máis clarificador respecto á anterior redacción.

- No apartado terceiro (*Ámbito territorial dos nomeamentos de continuidade*) introdúcese un novo punto 3, no que se lle asigna á Comisión de seguimento do acordo a determinación dos ámbitos potenciais que poderán abranguer os nomeamentos de continuidade dentro de cada distrito, que logo se concretarán en cada EOXI.
- No apartado cuarto (*Determinación da necesidade e número de nomeamentos de continuidade*), precísase agora que para determinar as necesidades de persoal teranse en conta todas as ausencias que se adoitan producir na actividade normal, tanto as que requiran unha substitución como as que non.
- No apartado quinto (*Selección*) explicitase o pacto de selección temporal aplicable, coa referencia do seu número e data de publicación no DOG.

Así mesmo, introdúcese un novo parágrafo, o punto 3, no que se indica que en cada oferta de vinculación dun nomeamento de continuidade, a aceptación en primeiro chamamento será voluntaria para os aspirantes. Trátase dunha mudanza relevante no sistema de selección, aceptándose neste punto o proposto por diversas OOSS.

- No apartado oitavo (*Réxime xurídico*) recóllense varios cambios:
 - Establécese a obriga das xerencias de asignarlle un centro de referencia a cada profesional.
 - Configúrase un apartado específico dedicado á xornada de traballo, no que se precisa que non poderá exceder de 48 horas semanais de promedio en cómputo semestral.
 - Respecto ás carteleiras de traballo, engádese que na súa confección as xerencias procurarán que este persoal teña fixado mensualmente como mínimo o corenta por cento da carteleira.
 - Alúdese á prestación en unidades e/ou servizos de atención primaria (no canto de centros de saúde), e introdúcese a realización dun promedio de tres gardas ao mes.
 - Garántese expresamente a aplicación do réxime de permisos e vacacións establecidos na normativa.
 - Na programación da actividade, incluída a prestación nos sábados pola mañá, salientase que se procurará un tratamento equitativo co resto do persoal.





- E no apartado noveno (*Retribucións*) garántese a percepción das contías que se deriven do grao de cumprimento de obxectivos (complemento de produtividade factor variable).

A directora xeral fai fincapé na importancia cuantitativa e cualitativa dos cambios introducidos, instando o apoio das organizacións sindicais ao documento, concibido como un texto dinámico que admitirá as adaptacións que resulten precisas e que se vaian introducindo pola comisión paritaria de seguimento.

As OOSS formulan as súas valoracións, expresadas de xeito resumido:

- CIG aprecia cambios, pero no substancial segue a discrepar do contido. Lembra que no seu día pedira unha comisión técnica para analizar as necesidades da atención primaria e apunta que no precedente do País Vasco este nomeamento acompañouse de medidas retributivas, polo que solicita a recuperación do 20% do complementos de nocturnidade e festividade suspendido. Tamén pide a retirada do punto sétimo (estudo de necesidades), porque condiciona unha materia allea como é a provisión de persoal. Respecto á xornada, o persoal afectado non debe realizar máis que a recollida nos acordos asinados; e pide elevar a programación da carteleira por riba do 40%.

- CESM-O'MEGA. Por parte desta coalición, O'MEGA ve avances, mais insuficientes para abordar a problemática da atención primaria. Solicita que a aceptación dos chamamentos sexa enteiramente voluntaria (non só en segunda volta), como tamén as gardas no PAC ou, cando menos, estas non deberían chegar a tres ao mes; a carteleira programada debería supoñer 2/3 da total. Preocúpalle cómo comunicarán as xerencias os requirimentos para traballar ante situacións imprevistas. Pola súa banda, CESM insiste na aceptación voluntaria dos chamamentos e das gardas xunto coa garantía das libranzas, e manifesta a súa preocupación (á vista doutros precedentes) por aspectos que non quedan claros, como a dotación das prazas e as súas condicións ou os posibles excesos de xornada.

- CCOO agradece que se recollen parte das súas alegacións, pero aínda disinte de que a aceptación dos chamamentos non sexa completamente voluntaria, ou do punto da conversión de prazas estruturais: non procede a súa inclusión neste documento, a dotación debe ser igual



que a do resto de prazas do sistema. Tamén lle preocupan outros aspectos, como que as xerencias non acorden o ámbito dos nomeamentos, senón que os impoñan; ou que poidan abusar desta figura para cubrir baixas de longa duración. As gardas non deben ser voluntarias, senón como as do persoal licenciado sanitario de hospital: obrigatorias coa libranza subseguinte. Considera moi escasa a programación do 40% da carteleira, e o tratamento equitativo na asignación de sábados debe garantirse, non só procurarse.

- UGT entende que as gardas non deben ser cualificadas enteiramente como voluntarias ou forzosas *a priori*, senón que dependerá dos distritos, dos lugares e as circunstancias de cada caso. É importante acadar a estruturalidade do persoal de reforzo. Amósase de acordo coa voluntariedade da aceptación en primeiro chamamento, coa garantía dos permisos e vacacións e co número de gardas ao mes, así como coa delimitación do ámbito territorial. Pide que se concrete o máximo posible cando, cómo e onde se vai traballar, pois redundaría en facer atractivo o nomeamento.

- CSI-F agradécelle á Administración o esforzo que está a facer nesta materia, pedíndolle garantías en relación co número de gardas para evitar a sobrecarga dos profesionais, propugnando a voluntariedade daquelas ou, cando menos, que se explicita no documento a libranza tras cada garda. Está de acordo coa zonificación nun único centro de referencia e co resto dos cambios incorporados, pero reitera que a aceptación deste nomeamento debe ser voluntaria, pois a obrigatorialidade desincentivará o persoal potencialmente interesado.

- SATSE amósase de acordo en xeral coas intervencións precedentes, e solicita de xeito expreso a retirada do punto sétimo da proposta: a dotación e provisión destas prazas debe ser igual que as do resto do sistema.

En representación da Administración, a directora xeral agradece as positivas valoracións da maioría das intervencións, pois poñen de manifesto unha vontade xeral de acordo. E valora pola súa vez os aspectos comentados (que a seguir se resumen): o 40% da programación das carteleiras é unha porcentaxe que a Administración sanitaria considerou proporcionada; podería incrementarse, mais nuns marxes realistas. Respecto ás peticións de retirar do texto o punto sétimo -que se pode valorar-, o certo é que este introduciuse como unha garantía, para os profesionais, de que se han dotar prazas. E considerouse asemade garantista a referencia

ao distrito; en ningún caso se pretende cambiar o sistema de selección e provisión de prazas. A aceptación voluntaria dos chamamentos pódese estudar. En relación coas gardas, é importante o seu carácter obrigatorio, pois debe garantirse o servizo; cómpre advertir neste senso que o resto de profesionais de atención primaria non teñen libranza.

En definitiva, a Administración está disposta a aceptar a incorporación de determinados cambios en aras de acadar un acordo, para o cal desexa coñecer exactamente os puntos de encontro coas OOSS. Co dito fin, dáselles novamente a palabra:

- Para CIG é indispensable un estudo de necesidades para todos os postos, en función dos nomeamentos realizados ata agora. A atención continuada do persoal das unidades debe ser voluntaria e acompañarse dunha dotación estrutural de prazas nos PAC; en consecuencia, desaproba o actual modelo de gardas obrigatorias, pois xeran suspicacias e máis nun contexto como o actual. Considera asemade imprescindible a retirada do punto sétimo. En definitiva, no estado actual do documento e de pretender pecharse a negociación hoxe, CIG non o acepta.

- CESM-O'MEGA subliñan a importancia da voluntariedade, tanto da aceptación de chamamentos como das gardas e, de non ser estas voluntarias, polo menos debe garantirse a libranza do día seguinte. Solicitan que no punto sétimo se suprima a referencia ao distrito.

- CCOO tamén aceptaría a matización do punto sétimo (no canto da súa completa eliminación), no sentido de suprimir o inciso "ao nivel do distrito ou dos centros". Ademais, o nomeamento debe ser voluntario.

- UGT sostén así mesmo que o nomeamento debería ser voluntario mais, con relación ás gardas, entende que estas resultan xuridicamente obrigatorias de seren necesarias; con todo, cabería introducir a libranza do día seguinte e a equidade no seu establecemento. Considera que ten que haber unha mínima dispersión do ámbito territorial, pero que resulta asumible nunhas condicións que lles permitan aos profesionais conciliar a súa vida familiar e laboral. No punto sétimo coincide en retirar a referencia ao "distrito", pola heteroxeneidade destes.

-CSI-F insiste en que para facelo atractivo, o nomeamento debe ser voluntario. No punto sétimo é preferible centrarse na dotación e creación de prazas estruturais, sen máis (e sen

maiores concrecións a nivel de distrito ou centros). Ten que haber o necesario descanso tras unha garda de 24 horas.

- SATSE matiza a súa anterior petición de retirada do punto sétimo; abondaría con suprimir a referencia “ao nivel do distrito ou dos centros”.

A Administración recapitula o tratado e apunta que, en aras de acadar o máximo consenso posible, cabe incrementar a porcentaxe de fixación das carteleiras, establecer a voluntariedade do nomeamento, matizada coa obrigatoriedade das gardas, e aceptar a supresión da parte final do punto sétimo.

Estes cambios incorporaríanse a unha acta de fin de negociación, que pode ser presentada hoxe mesmo, logo dun breve receso. Neste punto CCOO manifesta que, malia a súa valoración en xeral positiva, necesita máis tempo para analizar a redacción final resultante. A Administración responde que non habería inconveniente en aceptar adhesións *a posteriori*, sen prexuízo de que a negociación na Mesa Sectorial fiquexa rematada.

A maiores do dito e en resposta ás OOSs que solicitan garantías específicas de descanso trala realización de gardas, a Administración fará constar na acta da sesión que a comisión de seguimento do acordo poderá tratar, como unha garantía adicional en materia de descansos, a libranza da xornada ordinaria posterior a unha garda. E salienta que no peche da negociación reflectirase que a dita comisión se reúna cunha periodicidade trimestral.

Logo do correspondente receso, a Administración presenta unha proposta de fin de negociación da implantación do nomeamento estatutario eventual de continuidade no ámbito do Servizo Galego de Saúde, ratificándose o texto presentado nesta sesión da Mesa Sectorial coas seguintes modificacións:

- No apartado quinto, *Selección*, punto 1, engádese: «entre aqueles profesionais que o manifesten voluntariamente».
- O apartado quinto 3 suprímese.

- No apartado sétimo, *Estudo das necesidades de creación de prazas de estrutura*, substitúese: «se procedese a creación de prazas estruturais ao nivel do distrito ou dos centros para a cobertura das necesidades consideradas» por «se procedese a creación de prazas estruturais».
- No apartado oitavo, *Réxime xurídico*, punto 3.- *Xornada de traballo*, letra b), substitúese: «como mínimo o corenta por cento da carteleira» por «como mínimo o sesenta por cento da carteleira».
- No apartado oitavo, *Réxime xurídico*, punto 3.- *Xornada de traballo*, letra c), substitúese: «realizarán gardas nos puntos de atención continuada do correspondente distrito que, de ser necesario, lle sexan asignadas pola respectiva xerencia, realizando un promedio de tres gardas ao mes», por «realizarán gardas nos puntos de atención continuada de referencia dos centros asignados no seu nomeamento que, de ser necesario, lle sexan asignadas pola respectiva xerencia, realizando un promedio de dúas gardas ao mes, procurando a equidade na distribución das mesmas».
- No apartado décimo, *Comisión paritaria*, substitúese o título «Comisión paritaria» por «Comisión de seguimento». Neste apartado engádese: «a comisión de seguimento reunirase con carácter ordinario trimestralmente».

O texto queda ratificado, cos cambios descritos, co voto favorable das organizacións sindicais CESM-O'MEGA, UGT, CSI-F e SATSE; contando con voto en contra de CIG e a abstención, á espera do seu pronunciamento definitivo, de CCOO.

2.- Rogos e preguntas

Dado o obxecto e o carácter monográfico da sesión, non se suscitan.

Logo de tratar os asuntos recollidos na acta, péchase a sesión ás 13:30 horas.